

argos

CREANDO
EQUIPOS
EMPREENDEDORES



DETRÁS DUN GRAN PROXECTO HAI UN GRAN EQUIPO

ARGOS busca persoas dispostas a traballar en equipo, para acompañalos na construción do seu **ARGO**: un proxecto de negocio innovador, no que embarcarse na busca do seu futuro.

Unha iniciativa de:

AVTE / UNINOVA

**Facultade de Ciencias Económicas
e Empresariais de Santiago**

**Facultade de Administración e
Dirección de Empresas de Lugo**



Máis información:

**Area de Valorización,
Transferencia e Emprendemento**

UNINOVA


Edificio Emprendia, Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Tel. 881 815 593/881 815 595/881 815 596

argos@usc.es

 <http://goo.gl/wDWIP>

 @ArgosUSC



Na mitoloxía grega Argos era un construtor de barcos. Un deles, o veleiro Argo foi usado por Jasón na busca da pel de ouro do carneiro alado Crisomallo. Jasón e a súa tripulación, os argonautas, conseguen sortear multitude de complexas probas ate facerse finalmente coa prezada pel de ouro.

O programa ARGOS busca persoas comprometidas, entusiastas, innovadoras e dispostas a traballar en equipo, para acompañalas na construción do seu ARGO: un proxecto de negocio innovador, no que embarcarse na busca do seu futuro.



argos
CREANDO
EQUIPOS
EMPRENDEDORES

Que che ofrecemos?

- Escoller un proxecto de futuro que che permita gozar co teu traballo.
- Acceso a carteira de patentes da USC.
- Formar parte dun equipo no que cada un aporte os seus coñecementos, competencias e habilidades.
- Axuda e mentorización para "aprender facendo".
- Un espazo de traballo para desenvolver o teu proxecto en equipo.

Quen pode participar

- Alumnos de calquera centro e titulación da USC nos últimos anos de licenciatura/grao.
- Alumnos de postgrao.
- Recen licenciados (últimas 3 promocións).

**Constrúe
o teu argo**

Programa

Fase I Enrólate [xuño-xullo 2013]

Inscríbete no programa aportando un breve CV no que nos contes ademais da túa titulación e expediente, todas aquelas actividades extra-académicas que consideres salientables.

Darémosche acceso a:

- Carteira de patentes da USC sobre a que poderías traballar. Se tes unha idea propia tamén podes traballar nela.
- Información "on line" sobre innovación en emprendemento.
- Grupo de traballo Linked-in no que empezar a compartir información e experiencias.

1º RETO:
preseleccionarase candidatos/as de distintos perfís e titulacións para poder conformar equipos multidisciplinares.

Fase II 3 materiais básicos do ARGO [setembro 2013]

3 obradoiros sobre:

A IDEA >>> O PLAN >>> O EQUIPO

2º RETO:
so poderán pasar á seguinte fase aqueles que teñan asistido como mínimo a 2 obradoiros.

Fase III O teu ARGO: fainos unha proposta [1ª semana outubro]

Terás ao teu dispor un espazo de "co-working" para pensar de xeito colaborativo nunha proposta que, nun breve documento (3-4 follas) e cun contido mínimo establecido, deberás entregar de forma individual na semana seguinte á finalización dos obradoiros.

3º RETO:
selección dos argonautas e formación de equipos. Un Comité de Expertos seleccionará candidatos para un mínimo de 4 e un máximo de 8 equipos (entre os Campus de Santiago e Lugo) en base aos proxectos presentados, o interese demostrado e a complementariedade de capacidades.

Cada equipo deberá contar como mínimo cun "argonauta" con perfil de Administración e Dirección de Empresas ou Económicas.

Fase IV Constrúe o teu proxecto: aprender facendo [outubro-décembro 2013]

Contarás con:

- Axuda de expertos da USC nos distintos ámbitos do coñecemento.
- Acceso a mentores expertos do ámbito empresarial.
- Sesións formativas para aprender facendo.
- "Outdoor training" para mellorar a eficacia dos equipos.
- Visitas a empresas do entorno local (Santiago e Lugo).
- Espazo de preincubación para cada un dos equipos seleccionados.

Ao remate desta fase, o equipo deberá presentar o seu proxecto ante un Comité Avaliador formado por empresarios, investidores e expertos en innovación.

Reto final A pel de ouro do carneiro Crisomallo

Premiarase aos 3 mellores proxectos con:

- 3.000 euros en metálico.
- 6 meses de acceso gratuíto a espazos de incubación.
- Asistencia gratuíta no proceso de constitución dunha empresa.

